INFORMACIÓN PARA PACIENTES DA UNIDADE DE RADIOFÁRMACOS PET DE GALICIA


Un radiofármaco é calquera medicamento con fins clínicos que, cando está listo para o seu uso, contén un ou máis radionúclidos (isótopos radioactivos). En Medicina Nuclear, aproximadamente o 95% dos radiofármacos utilízanse con fins de diagnose.

Os radiofármacos son administrados ao paciente só unha vez na súa vida ou unhas cantas veces como máximo. Estes produtos conteñen trazas de ingredientes activos, polo que non presentan actividades farmacodinámicas xa que se usan en trazas. Polo tanto, non existe unha relación dose-resposta, polo que se diferencian significativamente do resto dos fármacos convencionais.

A actividade radioactiva da dose administrada ao paciente debe ser suficiente para realizar o estudo ou tratamento previsto, pero non máis. Cada radiofármaco ten un rango de dose recomendado para cada unha das indicacións clínicas autorizadas.

A esterilidade tamén é un requisito esencial nos preparativos para a administración parenteral, polo que debe ser controlada. Na preparación e etiquetaxe de radiofármacos utilízanse produtos previamente esterilizados e o traballo realízase en condicións asépticas.


A nosa unidade realiza a síntese de radiofármacos PET partindo da xeración de isótopos por medio dun ciclotrón, que é un acelerador de partículas no que, mediante unha reacción nuclear (bombardeo de átomos con partículas cargadas de alta enerxía), permite obter os radionúclidos emisores de positróns, que logo se incorporan a outras moléculas a través de unha síntese química. Este ciclotrón encóntrase nun búnker con paredes de 2 metros de espesor para conter toda a radioactividade no seu interior.



A síntese química que permite introducir este isótopo na molécula funcional de interese é realizada de maneira automatizada nos módulos de síntese instalados na sala branca do laboratorio de produción. Neste laboratorio tamén se atopan os módulos de dispensación, nos que se distribúe toda a actividade do radiofármaco en viais para cada hospital. Todos estes módulos están instalados no interior de celas quentes (celas blindadas que protexen ao traballador).

LIGAZÓNS DE INTERESE

- Sociedade Española de Radiofarmacia (SERFA)
- Aplicacións de Radiofarmacia e Medicina Nuclear
- Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria
- Sociedade Española de Medicina Nuclear e Imaxe Molecular
- Asociación Europea de Medicina Nuclear (European Association of Nuclear Medicine)
- Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios
- Axencia Europea de Medicamentos (European Medicines Agency)



Unha vez se obtén o radiofármaco na súa forma final (vial multidose de 10 ml, esterilizado terminalmente) realízanse estritos controis de calidade específicos para cada radiofármaco, no laboratorio de Control de Calidade. Se todos os ensaios son conformes, o lote do radiofármaco pode ser "liberado" polo radiofarmacéutico, emitíndose un certificado no que se confirma que o radiofármaco é conforme e pode ser administrado ao paciente.

